

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E COLISEUM 90, S.A. PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS

Vigo, á data da última sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 109, do 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

E doutra parte D. Marcos Chantada Rodríguez, con NIF 36087021K, nomeado xerente de Coliseum 90 S.A, con CIF A36698892, e enderezo social na rúa Areal, núm. 40, 36201 Vigo (Pontevedra).

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o artigo 2 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece como un dos seus fins “o fomento do desenvolvemento sustentable, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado”.

SEGUNDO.- Que o artigo 73 recoñece ademais a práctica deportiva como parte da formación do estudiantado que debe ser garantida e establece a conveniencia de colaborar con outras entidades deportivas para que desenvolvan a súa actividade no seo da Universidade e xerar así maiores oportunidades de práctica.

TERCEIRO.- Que dentro desta formación integral adquire cada vez mais relevancia o fomento de hábitos e estilos de vida favorecedores do coidado da saúde e o benestar. Para impulsar este obxectivo, a Universidade considera conveniente colaborar con outras entidades e así xerar sinerxías e maximizar as oportunidades existentes.

CUARTO.- Que Coliseum 90 S.A. desenvolve unha importante función no fomento de hábitos saudables entre a poboación da cidade de Vigo e a súa contorna.

Por isto, ambas entidades acordan subscribir este convenio marco de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións das que disporá a comunidade universitaria en relación coa oferta xeral de servizos ou produtos de Coliseum 90 S.A, así como as condicións que regulan o acceso e a publicidade dos mesmos.

SEGUNDA.- Vixencia, prórroga e resolución do convenio

Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data de sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Non obstante antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.

TERCEIRA.- Programa de vantaxes para a comunidade universitaria

A entidade colaboradora remitirá a súa proposta asinada á Área de Benestar Saúde e Deporte da Universidade de Vigo e, no caso de cumprir cos requirimentos esixidos, recibirá o visto e praxe da persoa que ostente as competencias en Extensión Universitaria, incorporándose como ANEXO I ao presente convenio.

As partes, de mutuo acordo, poderán incluír durante o desenvolvemento do convenio novos servizos e actividades así como suprimir os xa existentes. En todo caso, estas modificacións faranse efectivas por medio da actualización do Anexo I.

CUARTA.- Acceso da comunidade universitaria ao programa de vantaxes

As persoas que queiran beneficiarse desta oferta deberán acreditar previamente ante a entidade a súa pertenza á comunidade universitaria a través da aplicación informática habilitada a tal efecto ou por calquera outro medio que se considere oportuno.

QUINTA.- Difusión do programa de vantaxes

A Universidade de Vigo e Coliseum 90 S.A. colaborarán activamente na difusión do programa de vantaxes entre a comunidade universitaria a través dos soportes e dos medios dos que dispoñan.

SEXTA. – Normativa e obrigas de achega de documentación

Coliseum 90 S.A. respectará os regulamentos e normativas da Universidade así como calquera outra lexislación (protección de datos, fiscal, laboral, deportiva, prevención de riscos, transparencia, etc) que lle puidese ser de aplicación no desenvolvemento da súa actividade.

Para dar cumprimento a esta obriga e para un axeitado seguimento dos resultados da colaboración, Coliseum 90 S.A. comprométese a facilitar canta documentación relacionada co programa lle sexa requirida nun prazo máximo de 10 días dende a súa solicitude.

SÉTIMA. - Seguros

Coliseum 90 S.A. deberá ter concertado, en vigor e ao corrente do pago das primas correspondentes, os seguros de responsabilidade civil e de accidentes establecidos pola lexislación vixente, quedando a Universidade de Vigo libre de calquera responsabilidade neste eido polos accidentes ou enfermidades que se puideran producir.

OITAVA.- Protección de Datos de Carácter Persoal

As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométese a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo, que non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio e a que non se cederán a terceiros, agás nos casos en que exista unha obrigación legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

NOVENA. - Control da execución do convenio

Para o control da execución do presente convenio establécese unha comisión paritaria de seguimento, composta por unha banda, por un representante nomeado pola persoa con competencias en Extensión Universitaria e, por outra, pola responsable de Coliseum 90 S.A. ou persoa en quen delegue.

No caso das entidades que presten servizos deportivos á comunidade universitaria, estas achegarán unha memoria anual na que se recollan os datos de participación segmentados por xénero nas distintas actividades e servizos desenvoltos.

DÉCIMA. - Natureza administrativa do convenio

As partes comprométense a resolver as cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio, de xeito amigable na Comisión Mixta Paritaria da cláusula novena. As que non poidan ser resoltas deste xeito, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade, asíñase electronicamente o presente convenio.

Pola Universidade de Vigo

O Reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger

Por Coliseum 90 S.A.

O xerente
Marcos Chantada Rodríguez

ANEXO I

OFERTA ESPECÍFICA PARA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

A Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo colabora con Coliseum 90 S.A. na oferta para a comunidade universitaria de descontos ou ofertas exclusivas de servizos, que aplicará no Coliseum 90 S.A.

1.- CARACTERÍSTICAS DA OFERTA:

Inclúe dous accesos tipos de acceso. Un acceso exclusivo para o ximnasio e zona de spa e un acceso que ademais inclúe acceso ilimitado ás actividades dirixidas como ciclo, ioga, pilates, abdominais e estiramientos, GAP, cardiocross, zumba, aquagym, aquazumba, isto é, todas as actividades que precisen reserva previa . Establécese, ademais, unhas prazas limitadas para acollerse a esta oferta que determinará a empresa en función das normativas legais establecidas en cada momento e da súa propia consideración . Exclusivamente a primeira matrícula será gratuíta.

2.- PERÍODOS DE DURACIÓN:

Exclusivamente mensual ao longo de todo o curso escolar entre o 1 de setembro ao 31 de agosto.

3.- CUSTE

As persoas participantes aboarán directamente ao Centro Deportivo Coliseum as seguintes cantidades:

Tarifa	Mensual
Acceso ximnasio e spa	30€
Acceso ximnasio, spa e actividades dirixidas	41€

O Reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger

Coliseum 90 S.A
Marcos Chantada